



## Rabuda

Marilar Aleixandre

A lembranza da morte da nai ficou para sempre unida ao cheiro da marfallada naquel grande caldeiro no centro do patio. Rebordaba líquido negro para tinxir os vestidos, todos. A memoria de Custodia remexendo nel cun pau, enxugando de cando en vez unhas bágoas que acabaron sendo negras, ou así llo parecía. No caldeiro afogaran as súas roupas de nenas, o tempo da infancia, a despreocupada ledicia. O negro tomou posesión dos seus vestidos, asolagou a partir dese día as horas da súa vida.

Porén, a rabecha era a da súa irmá Lola:

—Non, non! O de batista non! Non sexas ruín, non quero!

O de batista era de cor rosa pau, lindísimo, con floriñas en relevo; cando Lola o vestía parecía saída dun conto.

—Cala, Lola, non berres, tes dez anos. Non ves que debemos vestir de loito?

—Mais non iremos sempre de loito, non? —protestaba ela entre impos e saloucos— Non imos vestir toda a vida de negro! Eu quero para despois, gárdamo.

—De aquí a que pase terás medrado, xa non che servirá, sabes?

Custodia rosmaba a media voz:

—Toda a vida, toda a vida... sei de mociñas que vestiron loito desde os catorce, primeiro polo avó, logo polo pai, máis tarde pola nai... até retrasaren a voda polo loito.

Para Manolita non houbo máis infancia, nin case vida de seu. A partir dese día tivo que

ocuparse de organizar a casa, as compras, o menú da semana, de probar cada prato, subida nun tallo ao non alcanzar á cociña —Rufina, a cociñeira, tiña tendencia a cocer de máis verduras e patacas até convertelas en papa—, de lembrarlle a Custodia o que cumpría limpar e, o máis duro de todo, educar a Lola e o pequeno Antonio que tiña sete anos. Con el resultaba doado, tiña bo carácter e aturaba con aire de resignación os roñazos polas súas estremonías, prometendo que era a última vez. Mais na súa irmá, só dous anos menor ca ela, non había disposición ningunha a aliviar as responsabilidades coas que a morte da nai cargara a Manolita, un peso que ameazaba con esmagala. Era ela quen debía lidar con Lola, obrigándoa a comer o que houbese, rifándolle cando lle sacaba a lingua ou lle daba unha mala contestación a Custodia. Ao contrario do loito, estas mudanzas non tiñan prazo, talvez fosen para sempre. Había días en que se sentía incapaz de respirar, como se o corpo se rebelase contra a inxustiza, noites en que as saudades pola nai eran unha dor física premendo nas tempas, a pel chamando polos aloumiños da nai, as súas apertas que sandaban os males, a man suave pousada no cabelo como unha unción. Ninguén o faría, o pai non era dado a apertas prolongadas. Choraba baixo, a cara contra a almofada, intentando que Lola, na outra cama, non a oíse.

Por que ela? Tiña só doce anos, era a cuarta, non a máis vella. Mais Concha casara había un ano, e os outros dous tiveran a fortuna de nacer varóns e para eles a vida pouco cambiara.

Vicente, acabando medicina, só modificara a súa conduta en non discutir diante do pai as ideas socialistas que tanto o anoxaban. Paco preparábase para o exame de Estado e a entrada na universidade. Consideraban normal que ela se fixese cargo de todo, non do traballo físico que facían Custodia, Rufina e Dominga, que viña dous días á semana para lavar a roupa. Acostumáronse de contado a preguntarlle onde está o meu colo novo, esixir necesito que me cepillen este traxe ou hai que coser un botón que caeu do chaleco. Nin sequera o loito era igual, unha banda negra na manga, que pouco durou, un botón negro. Que forte es, Manolita, que valente, dicían. Non tal, querería retrucar, fágoo porque non hai outro remedio; non son forte, podería quebrar en calquera momento. Mais calaba.

—Somos pobres? —preguntoulle unha noite Lola.

—Pobres? Non sabes o que dis. Non somos ricos, mais temos unha casa, comida, imos ao colexio... Non ves os nenos descalzos pedindo esmola na porta da igrexa?

—Daquela, por que non nos fan roupa negra, no canto de tinxila?

Lola fora a nena mimada, especialmente do pai. Mais agora o pai repregárase en si mesmo, pasaba o día na tenda de balanzas, que era tamén obradoiro, na rúa Concepción Jerónima, apenas falaba con eles, retirábase cedo ao cuarto. Probablemente a tise que debeu contaxiarlle a nai, e que daría a cara nuns meses, xa o estaba apreixando. Todo o máis, ás veces, pasáballe a man pola cabeza, atraíaa cara a si, a miña pobre filla... Causáballe unha angustia indíxible que a chamasen “pobre”, que a compadecesen; ás veciñas e ás tías non lles caía outra cousa da boca, pobres nenos, que vai ser deles sen nai. Era unha predición, agoiro dun futuro de desgrazas. Non quería resignarse a ser desgraciada.

Ao morrer o pai, un ano máis tarde, non houbo necesidade de tintura. Mais Manolita, con pouco máis de trece anos, converteuse en Manuela. Tivo que deixar o colexio, facerse cargo, ademais da casa, do negocio de básculas, coa axuda do fiel Eleuterio, a man dereita do seu pai. Non había balanza na tenda que puidese pesar aquela carga.

Ás veces representábaselle o traballo que pasara para tirar as manchas do vestido branco, pouco antes da morte da nai, un esforzo

inútil para acabar no caldeiro. Como as clases de francés no colexio que tanto lle gustaban. Mergulladas no negro.

\*\*\*

Debido ao que ocorreu despois ninguén prestou atención ás carrozas, con ser magníficas. Porén Manolita lembrou días e días a do maraxá da India, non por como escintilaba nin polas sedas e xoias, senón polos criados que a rodeaban, dunha beleza diferente a nada que vira antes. Parecían anxos, non dos pequeneiros de papos rosados que revoan en torno ás virxes, mais o Miguel que esmaga dragóns e semella disposto a namorar rapazas. O raso da túnica tensábase sobre os ombros, os antebrazos nus de pel morena e suave, sen peluxe, os cabelos negros caendo sobre a fronte, os beizos encarnados. Con certo sobresalto foi consciente, por vez primeira, de que os homes podían ser fermosos, podían espertar algo como un desexo de ser estreitada entre aqueles brazos, unha inqueda nos botóns dos peitos que rozaban no biso. Na súa familia, no colexio, a beleza parecía cousa das mulleres e non de todas. Menos dela, malia ter os ollos azuis, que de Lola co seu cabelo dourado e a cute de porcelana. En cambio todos estaban de acordo en que ela era a máis rabuda.

Meses despois soubo que o maraxá namorara dunha cupletista, que tiña catro anos máis ca ela, levándoa á India para ser princesa. Así e todo o maraxá non era novo nin fermoso como os criados, senón un señor da idade do seu pai.

—Aí veñen os reis!

Aproveitando a súa delgadeza e confiando en que non ían esmagar unha nena —aínda que fixera doce anos en abril representaba menos— intentou abrirse paso até as primeiras filas. Dicían que a inglesa era belísima “mais non tanto como a nosa Loliña cando teña dezaseis anos”, en palabras do tío Humberto. Non había acordo sobre o toucado, se mantilla de blonda ou Valenciennes. Afonso levaba uniforme de gala, os seis cabalos brancos da carroza parecían os de Cinsenta.

Aínda non alcanzara a primeira fila. No aire voou un ramallete de rosas guindado desde unha fiestra ás súas costas en dirección ao coche dos reis. Viuno bater nos cables do tranvía, desviarse cara ao público. E todo estourou en poeira, berros, confusión. Anos máis tarde

fillas e netos preguntáronlle cen veces sobre a bomba. Como foi? Viches os mortos? E a cara do anarquista? Como puido escapar con toda a garda real? Lembro algunhas persoas do público protexéndose do sol con paraugas, respondía ela. Sería máis capaz de describir o turbante do maraxá que o atentado. Na lembranza, a confusión e o cheiro a pólvora co que nos anos da guerra ía convivir. Alguén berraba:

—A raíña! Matou a raíña!

De certo, o vestido de Victoria estaba vermello co sangue. Non podía asegurar se o viu nese intre o se escoitou alguén gritándoo. Talvez o vira como viu os cabalos empinados, pois houbo un intre no que a morea de xente que tiña diante pareceu desfacerse, na fuxida cara atrás. De socate alguén bateu con ela, vindo de atrás cara adiante, en dirección contraria á xente. Un home delgado, mal barbeado, que desapareceu entre a multitude. Perdeu o equilibrio e tería caído de bruços a non ser por alguén que termou dela, apreixándoa nos seus brazos. Un pensamento case sen formular: Sería un dos fermosos indios?

—Manolita! Señorita Manuela... está ferida?

Un rostro coñecido, moi pálido.

—Está ferida? –repetiu.

Seguindo a súa ollada, viu que a saia, como a da raíña, estaba manchada de sangue. Procurou non mirar para os cabalos mortos, os corpos entrevistados baixo eles.

—Son Pepe... da tenda de abanicos –dixo quitando o sombreiro—. Encóntrese ben?

O comercio estaba no 56 da rúa Toledo, a pouca distancia do deles, aínda que non era tan antigo. Casa Parra, balanzas e básculas, fora fundada polo seu avó en 1862, iso dicían. Eran tres ou catro irmáns, morenos, imposibles de distinguir, parecidos todos a aquel que volvía poñer o sombreiro. Desprendeuse dos seus brazos e contestou:

—Quen non parece encontrarse ben é vostede.

Ao momento arrepeniuse do seu atrevemento con aquel señor a quen nunca antes dixira a palabra. Xa dicían na casa que era moi rabuda.

No canto de anoxarse el sorriu. Un fermoso sorriso, cun punto de retransa, que facía escintilar os seus ollos.

—Certo, o sangue maréame. Aínda ben que non vou gañar a vida exercendo de cirurxano.

Cirurxano era o que quería ser Vicente, o seu irmán máis vello. Miráronse un momento e despois ela confesou.

—O que me preocupa é como vou ir para a casa con estas manchas... non saben que estou aquí. E á miña nai non debemos darlle disgustos.

—Que tal segue?

—Eu creo que igual. Na cama, non pode falar moito porque está cansa.

O sangue na saia, o sangue nas sabas da nai, no seu cuspe. O sangue nas súas sabas, por vez primeira había un mes.

Agora cismaba en Custodia, que lle prohibira baixar á Calle Mayor.

—E logo, que pensas? A min tamén me gustaría ver a voda dos reis. Mais teño que coirdar da túa nai. E soa non podes ir, nin falar.

—Se me permite acompañareina á chocolatería de Ópera. Alí talvez poida lavar un pouco o vestido.

Cando atravesaron a porta xiratoria, a chocolatería de San Xínés estaba case baleira. Todos foran ver o cortexo ou talvez o atentado; ao contrario que Pepe, hai quen gusta de contemplar o sangue. Só estivera unha vez alí, cos pais, antes da nai enfermar. El tendeu o seu pano, branco, coas iniciais bordadas.

—Pode necesitalo...

Laboriosa tarefa; non estaba acostumada a lavar. Aínda bo que neste lavabo había auga corrente. Custodia dicía que cumpría mollar primeiro en auga fría as manchas de sangue antes das fregar con xabón. Nunca con auga quente, deixaría unha mancha amarela, mais no lavabo non a había. Por sorte levaba amidonadas as enaguas, non o vestido. Despois de mollar media saia e deixar o piso do baño como o estanque do Retiro, saíu deixando un rastro de pegadas húmidas e buscou o seu acompañante.

Sentado a unha das mesas de mármore xunto ao espello, tiña diante unha bandexa cun vaso de leite, unha cunca de chocolate, churros, e unha xerra de cristal chea de auga.

—Pensei que lle sentaría ben un chocolate. Miña nai di que cura moitas penas.

Manolita sentou, cun punto de vergoña. Que diría o seu pai se a vise merendando con aquel señor? Tería cinco ou seis anos máis, porén aos seus ollos xa cruzara a risca que separa a infancia dos adultos. Tiña un bigote loiro, usaba sombreiro...

—Devólvolle o pano —dixo—, laveino mais non fun quen de escorrello ben.

El colleu o pano aínda pingando e sorriu.

—Quería felicitala pola súa enteireza. Estou admirado, é vostede a moza máis valente que vin na miña vida.

—Non crea... mais por desgraza vexo sangue na miña casa todos os días.

Estivo a punto de engadir que algunhas noites o pensamento de que a nai podía morrer causáballe medo, mais o engaiolante sorriso del, que a miraba en fite, detívoo.

Chegado este punto, non debía haber mal ningún en tomar o chocolate e os churros. El bebeu o vaso de leite mirándoa en silencio.

Custodia nunca soubo que presenciara o atentado, aínda tendo que recoñecer que xogara con auga para explicar o estado do vestido.

Aquel foi o seu último vestido branco curto. O último branco que levou en moito tempo; en setembro daquel ano, o funesto 1906, morreu a nai. Estaban saltando á corda na esquina da rúa Toledo:

*Pepe Botella  
baja al despacho  
Ahora no puedo  
que estoy borracho*

*Las escaleras  
son de tomate  
Para que Pepe  
baje y se mate*

Apareceu Custodia. Algo na súa cara indicaba que esta vez era distinto:

—Manolita! Lola! Vinde comigo.

Dez anos de loito polos pais. Cando Lola, aos dezaoto, comezou a saír con Alberto, faltábanlles tres para quitalo, aínda que xa tiñan roupa de alivio, branca e negra. Alberto non era do agrado de Manolita nin dos seus irmáns; moitos cartos, mais sona de crápula. Un dos poucos temas nos que Vicente e Paco estaban de acordo, xa que en política non había comentario de Vicente que non alporizase a Paco contra o socialismo, e viceversa.

—Se vises, como vexo eu, as enfermidades que contraen os obreiros debido ás condicións de traballo e de vivenda, tamén serías socialista.

Mais Vicente viña pouco pola casa, estaba de médico en Mora de Toledo, casara, tiña un fillo. Paco acabara dereito e andaba cunha noiva, non había tardar en vivir pola súa conta. Sen gustar Alberto, cando pediu falar con Vicente e Manolita para asegurar as súas intencións formais, tiveron que acceder.

Unha tarde Manolita encontrounos bicándose no portal. El tiña unha man no van de Lola, parecía que lle tocaba un peito. Ela murmurou unha despedida, subiu apresuradamente a escaleira. Ao chegar arriba, Manolita pechou a porta e largoulle unha labazada.

—Que queres? Que se aproveite de ti e despois te deixe, como fixo con outras?

—O que tes é envexa, por non teres mozo. Xa queredías que alguén te bique, te toque as tetas, así...

Lola achegouse, aloumiñándolle lixeiramente un peito por riba da blusa. Manolita meteuse no cuarto batendo a porta. Era certo que ningún home a tocara, quitando o día, había case dez anos, en que Pepe a estreitara nos seus brazos. Mais aquilo fora polo atentado, non contaba. Ás veces encontrábanse e el levantaba o sombreiro, mesmo cruzaba a rúa para saudala. Unha tarde, había un par de anos, saíndo do obradoiro, el estaba na porta do *Coliseo Imperial*, o primeiro cine de Madrid, en Concepción Jerónima; ela pasaba por diante cada día e nunca entrara, polo loito. Ao seu carón unha moza, talvez da idade de Manolita, vestida de branco, radiante. Cruzou a rúa, levantou o sombreiro:

—Boa tarde señorita Manuela. Como está? A familia ben?

—Boa tarde —dixo ela desviando a vista; aborrecía que a contemplasen vestida de negro, co traxe engurrado despois de tantas horas no obradoiro, o cabelo desguedellado; queredría desaparecer, ser invisible—. Todos ben, e vostedes?

—Ben, por fortuna, sen novidade... Se necesita algo, xa sabe onde encontrarme. Talvez puidese convidala a chocolate...

Manolita levantou un instante a vista. El sorría, despois de facer aquela proposta imposible, xa non tiña doce anos nin podía merendar cun home así como así. Menos cun home que ía ao cine cunha rapaza, talvez unha noiva.

—Adeus —deu por concluído o encontro—, até outro momentíño.

Por unha conversa entre Lola e Antonio, soubo que a rapaza de branco era unha curmá de Valencia. Pouco despois o comercio deles abriu outra tenda na Praza de Canalejas, a carón de *La Violeta* que vendía pétalas de flor confeitadas, víanse menos pola rúa. Porén, un día estaba a poucos pasos da porta do obradoiro cando ela saíu, talvez agardándoa:

—Señorita Manuela, teño que desculparme: o do chocolate foi unha brincadeira. Non quería incomodala.

—Non se preocupe... tampouco o tomei en serio.

—É que está tan bonita cando se pon encarnada...

Malia ser rabuda, non soubo que contestar e baixou a vista. Era consciente do roibén subindo ás súas meixelas.

—Descúlpeme –repetiu el.

—Desculpado. Boa tarde.

Intentaba continuar o seu camiño, mais el colleulle a man –sen luvas, manchada aínda de pintura– e puxo nela un bico, non no dorso, senón case no pulso. Premendo os seus labios con forza contra a pel, un bico que provocou uns formigos estraños.

Ás veces, no entresoño, imaxinaba que un home a collía polo van, igual que Alberto a Lola. A súa irmá enganábase nunha cousa, estaba a punto de ter noivo porque Emilio, o da tenda de panos da Praza de Santa Cruz, enchíalle o ollo e ela a el. Era guapísimo, cuns rizos negros que lle lembraban os indios da carroza do Maraxá, malia teren o cabelo laso, pestanas espesas como a herba nova. Sendo tímido, custoulle un mundo decidirse a falar, primeiro con Manolita e despois con Vicente. Comezou un tempo de ledicia, pasear xuntos pola Praza de Oriente, rindo do tranvía que levaba a rapazada arredor da praza. Ou cruzar o viaduto até as Vistillas e contemplar o solpor sobre o palacio e o Campo do Moro. Falaban pouco e Emilio nunca a colleu polo van, nin moito menos achegou a man aos seus peitos.

—Son tan feliz cando estou contigo –díxalle, batendo as pestanas só para ela–. Non podo desexar nada máis.

Sería certo? Podían agardar tanto os homes? Algúns días ela imaxinaba ou desexaba vagamente o contacto coa súa meixela: aínda que ía sempre barbeado, tiña a barba mesta, debía raspar. Co loito a voda non sería inmediata,

talvez un día a bicase na fronte ou na meixela. De momento bicáballe a man ao despedírense, un bico moi suave, un aloumiño como o sopro dunha nube que a deixaba agardando por máis.

—A miña nai quere coñecerte –dixo un día, pasado medio ano.

Emilio era fillo único, sen pai desde moi novo, e a nai saía pouco, decote estaba enferma. A doenza que mantiña dona Ignacia recluída na casa non era tise, nin cuspiá sangue. Máis que unha enfermidade con nome era unha vaga referencia de Emilio: volve encontrarse mal. Seica era unha grande cocifeira. Manolita imaxinaba preguntarlle o que non puidera á súa, aquela Concha que cada vez lle custaba máis lembrar. Unha luminosa tarde de outubro foi merendar á súa casa.

—Ai neniña, moito quería coñecerte! Emilio faloume tanto de ti... Dáme un bico.

Estreitouna contra o seu peito, arrecendía a lavanda, unha colonia parecida á que usaba a súa propia nai. Debían ser dunha idade, aínda que Concha quedara conxelada antes dos corenta, nin chegou a ter cabelos brancos.

—Deixa que te mire ben: un pouco máis grosa que a túa irmá. Mellor ao chegaren os fillos... e as fracas poden acabar tísicas como a túa nai, que en paz descanse.

A alusión á nai fixo arder as meixelas de Manolita, subir unha auga queimona á súa gorxa. Una loanza, mais inquietábaa a referencia á súa aptitude para ter fillos. Era o único que había nela?

Merendaron café con leite, biscoito de nocces, e rosquillas, preparados por ela mesma, aínda que agora –dixo– entraba pouco na cociña, calquera esforzo deixábaa esgotada. Todo na súa honra.

—Cómpre remexer ben no amoadado, para que as nocces queden repartidas, non vaian todas para abaixo. Gústache?

—Moito! Intentarei facelo, aínda que coa tenda non queda tanto tempo para cocinar.

—Non dá refixeira a todo. Ben sei que fixes de nai para os teus irmáns, que governas a casa con moito xeito... Alégrome, eu teño a saúde moi quebrantada e non desexo outra cousa cando caseades que deixar o goberno da casa nas túas mans.

Unha inqueda: Emilio nunca lle dixera de viviren coa nai. Nin sequera falaran da data para a voda, estando de loito. Dera por suposto



que alugarían un piso novo, talvez na rúa Bailén, mirando para os xardíns. Con moita luz e testos de flores nos balcóns. Ao saír, díxollo.

—Cando casemos, gustaríame vivir sós.

—Mais, Manolita, a miña nai está enferma... e a criada é unha inútil: Como queres que a deixe soa?

—Non está impedida. Se houbese que coidala... sería outra cousa, mais en tanto poida vivir soa, gustaríame ter a miña propia casa.

—Non te alporices, muller. Aínda falta tempo. Veremos.

“Veremos” era un dos retrousos favoritos de Emilio. Chegaron á casa, bicoulle a man, cun daqueles seus aloumiños leves e marchou.

Pasou o inverno e chegou a primavera, anunciada polos burriños cargados con testos de xeranos e pensamentos; devecía polas flores, das que estivera privada nos comezos do loito. Emilio sabía, mercáballe ramiños de violetas ou narcisos, que pregoaban mulleres pola rúa. Coincidindo coa Gran Guerra chegaran a Madrid as medias de seda. A primeira en telas no escaparate foi Casa Rovira, unha mercería da rúa Postas, despois outras de Pontejos. Ás veces, ao ir á compra, Manolita daba unha volta para miralas estendidas nunha man de manequín. Soñaba con aquelas medias e como resaltarían as súas pernas, tan ben torneadas. Os seus nocellos eran bonitos, mais coas horribles medias negras de algodón resultaba difícil apreciarlos. Pola noite, ao se espir, estendía as pernas nús e trataba de representalas cubertas por aquel veo reluciente; algunhas veces pasaba as mans lentamente por elas, imaxinando que eran as de Emilio; unha noite levou o dorso da man ao peito nu, sorprendéndose da reacción entre as súas pernas, a humidade, o latexo.

Á estrear un vestido de flores brancas e negras, non podía soportar a idea de que por baixo asomasen as medias de algodón. Manexaba os cartos do comercio e da casa, sen ser ricos non había apuros; nunca ou case nunca mercaba cousas para si, mais desexaba as medias intensamente.

—Lola, imos comprar unhas medias de seda.

—De verdade?

Ao non ter nin idea do que podían valer, levaron case o triplo. Custaban dúas pesetas e corenta cada par, non lles pareceu caro, mais regatearon: elas tamén tiñan un comercio, conseguiron unha rebaxa.

Manolita non as estreou de inmediato, chegáballe con telas no armario. Lola era impaciente, esa mesma tarde púxoas para saír con Alberto.

—Ten cuidado! A señora da tenda dixo que se corren os puntos con miralas. Non as vaías enganchar...

Antonio entraba nese momento, viña do comercio no que se facía cargo cada vez de máis tarefas. Ensináronllas e riu con aire de varón sisudo.

— Ides estar guapísimas. No fondo, seguides sendo unhas nenas.

Tendo en conta que unha lle levaba cinco anos e outra tres, resultaba cómico. Mais era imposible non quere-lo.

Ao día seguinte, ao encontrarse con Emilio, el tiña unha expresión esquiva, parecía amuado. Camiñaron un anaco en silencio.

—Que che pasa?

—A min nada...

—Nada? Preocúpache algo?

—Preocúpame unha cousa seria, voucho dicir: Sabes que a túa irmá levaba onte unhas medias de seda?

—Sei —dixo ela con sorpresa—. Seria?

—A miña nai está moi desgustada. Aínda vos quedan case dous anos para cumprir o loito e Lola anda por aí con esas medias como se fose unha cómica.

—Emilio, a túa nai está desgustada, non sei se coa miña irmá ou comigo. E ti? Estás desgustado?

Volveuse a ela sobresaltado:

—Eu? A min non me parece ben que leve medias de seda estando de loito. A miña nai cre que deberías dicirlle algo...

—Non me parece que unhas medias teñan que ver co loito.

—Son máis propias dunha toleirana, e desculpa, que dunha señorita decente... Son as medias que pode agasallar un home á súa *amiga*. Ti sabes o que custan?

—Tanto sei o que custan —dixo Manolita amodo— que as paguei eu. E comprei outras iguais para min —engadindo, incoherentemente, ao fío dos seus pensamentos—. Son negras.

De repente Emilio parou, atraeuna cara a si ao abeiro dun portal, apreixouna polo van, apertándoa contra o seu corpo, meixelas xuntas, bicouna na fronte, un bico distinto daqueles

tan leves. Ela aspirou a mestura de suor de home e colonia, un olor enervante. Nese momento desexaría entregarse a el, pel contra pel, nus. A violencia do seu propio desexo asustouna.

—Quérote, Manolita —murmurou el ao seu oído—. Vidiña... Quérote tanto...

—Eu tamén te quero, Emilio.

El desfixo a aperta, manténdoa collida das mans, o rostro arroibado, os ollos húmidos, máis fermoso que nunca; preguntou con voz insegura:

—Mais ti non as vas poñer, non?

—Vounas poñer, si.

Esa noite non puido durmir. A lembranza da meixela del contra a súa, raspando un case nada, o seu ulido. Todo o seu corpo chamaba por el. Mais a sombra da nai, un manto afozándoa noutro loito. Acostumada a non dar contas a ninguén, decatábase agora dos conflitos que puido ter coa súa propia nai. Emilio era tan guapo, tan insoportablemente fermoso, como unha pintura, dicía Custodia, a punto de deixala e casar; como un artista de cine para Lola. Rachar? Condenarse a que ningún home a bicasa na boca, como Alberto a Lola. Chorou até doerlle a cabeza. De madrugada chegou o sono, o soño. As mans de Emilio espíndoa, achegándose á súa pel. Acordou sobresaltada.

Dous días despois quedou con el: a ruptura. Durante semanas chorou polas noites. Agora si semellaban en camiño de cumprirse as predicións de Lola de que quedaría para vestir santos e ninguén lle tocaría as tetas. Vinte e dous anos e rompera as relacións cun noivo. Lola aloumiñouna, dándolle a razón. Manuela resignábase a seguir desempeñando o papel de irmá máis vella, a consolarse cos sobriños. Concha tiña catro fillos e Vicente dous, aínda que eses vivían en Toledo, case non os vía. Para quen ía poñer agora as medias de seda?

Acabou a primavera e case o verán. Ía pola rúa Toledo, pegada á sombra das casas para resgardarse da calor e decatouse de que lle

pechaban o paso. Fronte a ela Pepe cun traxe claro, o sombreiro Panamá nunha man e na outra todos os ramos de violetas, narcisos, reseada, de Madrid, envoltos nun papel de seda co nome impreso da tenda, Aleixandre, que era o seu:

—Señorita Manuela —dixo levando a man ao corazón—: Quere vostede casar comigo?

—Pero eu...

Estaba tan pálido como o primeiro día.

—Ámoa en silencio desde hai anos, intentei dicirllo varias veces e sempre me escapaba. Sufriño tanto ao vela namorada doutro... Mais agora o meu rival derrotouse a si mesmo e atévome a probar fortuna. Quere casar comigo ou terei que tirarme polo viaduto?

Ante aquela declaración, metade formal, metade cómica, Manolita non soubo se rir, chorar ou escapar ofendida, e optou polo primeiro. El riu tamén, aliviado.

—Non sei que dicir... Apenas nos coñecemos.

—Ao contrario, coñecémonos moi ben. Até compartimos un segredo, lembra? Eu non puiden esquecerla desde aquela vez que a tiven brevemente nos meus brazos. Mire —e tirou do peto un paniño dobrado que ela, ao comezo, non recoñeceu—. Gardeino todos estes anos porque era un pouco seu.

—É certo?

—É. Quería volver sentir a miña man no seu van, como queimaba; mirar a súa lingua cando lambía o chocolate dos beizos, escoitala tan decidida, ao responder que era eu quen non se encontraba ben... Dicialles aos meus irmáns, eu só quero a Manolita para gozarmos xuntos da vida: ou ela ou ningunha. Despois veu o loito e ese túzaro do Emilio... ben sei que ten o cabelo rizo! Ti non sabías nada de todo isto, mais xa cho irei contando.

Colléndoa polo van bicouna xunto á boca, un bico ardente que repenicou en todo o seu corpo.